

González Santín censura que o Partido Popular non fose quen de concretar os proxectos acometidos pola Xunta co *Plan Impulsa*

Tendo en conta, ademais, que o PP votou en contra da proposta do PSOE, subliña que a imprecisión dos populares é “a proba que demostra que este este Plan é un engano”

O líder do PSOE lucense demontou o argumento do PP, realizando un exhaustivo análise cronolóxico da orixe e desenvolvemento desta iniciativa, poñendo de relevo que só se trata dun proxecto “con nada real, pero si con moita publicidade”

“Cando dean a orde de amañar algo, deben vostedes indicar que se faga cun pouco de disimulo. Dígolle isto porque na web creada, no apartado de actualidade, todas as novas levan a data de 11.03.2014. Alguén podería pensar que tentaron vostedes amañar o vacío que reflectía esta páxina con comunicados que, por certo, pouco ou nada teñen que ver co Plan, como 1ª travesía náutica xacobeá ou o convenio de colaboración entre o Gaiás e o Mercado de Abastos de Santiago”, destacou

Logo de expoñer as numerosas incógnitas existentes ao redor deste Plan, e que o PP foi incapaz de desmentar, defendeu que “realidade só hai unha”: en setembro de 2009 o paro rexistrado na provincia era de 18.470 persoas, hoxe é de 28.549; os últimos datos de IGE sinalan que Lugo e Ourense, as grandes beneficiadas desta iniciativa, teñen os salarios máis baixos de Galicia; destruíronse preto de 500 empresas entre 2009 e 2012; e o número de altas, permanencias ou baixas empresariais en nada se diferencia da evolución de toda a Comunidade

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13 DE MARZO.- O Partido Popular non foi quen de concretar, no Parlamento de Galicia, os proxectos acometidos pola Xunta na provincia de Lugo co *Plan Impulsa*. É por este motivo, polo que o deputado autonómico e voceiro de Economía –Juan Carlos González Santín–, tendo en conta, ademais, que o PP votou en contra da proposta do PSOE, subliña que a imprecisión dos populares é “a proba que demostra que este este Plan é un engano”.

E é que o líder dos socialistas lucenses demontou o argumento dos populares, realizando un exhaustivo análise cronolóxico da orixe e desenvolvemento desta iniciativa con datos obxectivos, que foron obviados todos eles polos deputados do Partido Popular, entre os que se atopaba o voceiro desta formación política no Concello de Lugo –Jaime Castiñeira-. A información facilitadas por Santín foi a seguinte:

-23 de Setembro de 2009: A Xunta celebra o seu primeiro Consello fora de Compostela. “Faino en Lugo e o seu Presidente aproveita para vender fume. O señor Feijoo sinala que busca unha Galicia única e equilibrada e, por elo, Lugo necesita unha discriminación positiva para atraer inversións. Daquelas falábase de 12.5 millóns de euros para proxectos na provincia e tipos de interese 0 nas actuacións financiadas polo Banco Europeo de Inversións.” “Donde están estes investimentos?”, preguntou o socialista.

-19 de Maio de 2010: A Xunta gasta 230.520 euros na redacción do proxecto do Impulsa, e encárgalle o traballo a Deloitte S.L; unha consultora, subliñou Santín, que “tivo un papel relevante no exitoso proceso de transformación das Caixas Galegas nun Banco Venezolano; unha empresa, Deloitte, que auditaba con boa nota a todas as caixas que finalmente foron nacionalizadas. Algo curioso e que tamén lle chamou a atención ao ICAC (Instituto de

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Contabilidad y Auditoria de Cuentas, dependente do Ministerio de Economía e competitividade) polo que lle abriu un expediente a esta empresa por prácticas, supostamente, irregulares”, explicou o deputado do PSOE.

A este respecto e, sen entrar no detalle de se a Xunta escolleu correctamente á redactora do proxecto ou non, indicou que “do que si se falaba era de que o cobro de un máximo de 60.000 euros dependerá do emprego vinculado ás inversións foráneas captadas por mediación directa da empresa. Ademais, tamén se recollía na sinatura dese documento que Deloitte debería facer un seguimento do Plan durante alomenos un ano e medio. Así que hoxe, aquí, nesta comisión, sería bo que o representante do PP nos aclarase se finalmente Deloitte cobrou eses 60.000 euros, que inversión foránea se captou e cales son as conclusións do seguimento que Deloitte fixo do Impulsa; tres preguntas –non respostará a ningunha, claro”, sentenciou.

Só un resumo executivo

Do plan que redactou Deloitte “non coñecemos máis que un “resumo executivo”. Un documento de 58 páxinas cheo de obviedades e de datos curiosos como Inversión Directa Exterior (IDE) e de Acciones Pull e de Acciones Push e de moitos tecnicismos, e no que tamén se fala de deberes. Hoxe deberíamos saber se se cumpriron”, destacou.

Na páxina 42 fálase de que “Para el año 2012 se dispondrá en un Catálogo de Terrenos para la Industria y otras implantaciones logísticas o productivas. Para ello, a lo largo del 2011 se identificarán los enclaves concretos[...]” “Está este catálogo feito? Cales son os enclaves seleccionados?”, preguntou, de novo, o deputado autonómico sen obter resposta.

Entre outras “actuacións prioritarias de alto impacto”, o documento tamén sinala:

1.- Reservar solo para cultivos alternativos orientados á diversificación agraria. “Está reservado este solo? Donde?”. A Xunta non contesta.

2.- Reservar solo para empresas de carácter tecnolóxico e intensivas en I+D+I (superficie mínima de 25 Ha. próxima ao Campus de Lugo) “Está reservado este solo? Donde?”, insistiu o voceiro de Economía. Sobre esta pregunta tampouco se pronunciou o Partido Popular.

3.- Co fin de superar as limitacións que supón o minifundismo e facilitar a agrupación de bosques tamén se propón a firma dun *Pacto Estable pola Ordenación do Territorio de Lugo*. Firmouse este pacto?”, indicou o socialista, sen obter tampouco resposta por parte do Partido Popular.

-18 de outubro de 2010 : Cinco meses despois de encargarlle o proxecto a Deloitte, o Presidente da Xunta volve a Lugo “e resulta que só con encargar o proxecto e aínda sen coñecelo, o Plan Impulsa xa xerou 400 empregos e 103 millóns de euros. A cuestión, claro, é a de para que vale o informe que custa un cuarto de millón de euros se xa o Plan é un exitazo? Agora anuncian –todos son anuncios- de que o vindeiro ano, o Plan Impulsa pasará de 12,5 a 27 millóns de euros”, indicou.

- 25 de marzo de 2011: Logo de moita publicidade, a Xunta re-presenta (volve a presentar dous anos despois, porque xa o fixera en 2009) o Impulsa. Nesta ocasión visitan a cidade non só Feijoo senón tamén os Conselleiros Alfonso Rueda e Javier Guerra, quenes “xa non falan de millóns de euros senón de empregos; de 4000 novos empregos nos vindeiros anos, dos que nada sabemos a día de hoxe”, puntualizou.

–“Logo viñeron moitos anuncios, moita publicidade pagada en prensa, e xa non foron 400, foron 2000 empregos en setembro de 2011, e xa non só se axudaban aos grandes proxectos senón

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

tamén aos pequenos emprendedores... todo era tan bonito naquel conto...”, contestou con ironía o socialista.

“Cóntolle a verdade”

Neste senso, Juan Carlos González Santín, logo de expoñer as numerosas incógnitas existente ao redor do Plan da Xunta, defendeu que “realidade só hai unha, cóntolla”:

a) en setembro de 2009 o paro rexistrado na provincia de Lugo era de 18.470 persoas, hoxe é de 28.549. (datos SEPE) Exactamente 10.079 persoas máis.

b) Os datos comparativos entre 2009, data de arranque do Plan Impulsa, e o 2013 parecen bastante clarificadores:

	Tasa de actividad de la población		Tasa de paro de la población		Tasa de empleo de la población	
	2013TIV	2009TI	2013TIV	2009TI	2013TIV	2009TI
27 Lugo	51,39	49,54	19,22	8,90	41,52	45,14

* fonte INE

c) Os últimos datos de IGE sinalan que as provincias de Lugo e Ourense, as grandes beneficiadas desta iniciativa, teñen os salarios máis baixos de Galicia.

c) Cos últimos datos do IGE en Lugo destruíronse preto de 500 empresas entre 2009 e 2012

	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	2009	2012	2009	2012	2009	2012	2009	2012	2009	2012
Todos	209.870	204.049	87.879	85.395	25.805	25.373	24.114	23.673	72.072	69.608

d) E o número de empresas en situación de alta, permanencia ou baixa en nada se diferencia á evolución de toda a Comunidade Galega:

	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	2009	2012	2009	2012	2009	2012	2009	2012	2009	2012
Alta	18.805	19.661	7.978	8.135	2.111	2.165	2.046	2.257	6.670	7.104
Permanencia	191.065	184.388	79.901	77.260	23.694	23.208	22.068	21.416	65.402	62.504
Baixa	19.063	21.910	7.727	9.263	2.237	2.308	2.246	2.334	6.853	8.005

d) Preto de 1.200 traballadores se viron afectados por ERES en Lugo en 2013, a maioría procedentes dos sectores da industria e servizos; as principais empresas da provincia ou están pechadas ou tiveron que despedir a un bo número de empregados. É o caso, de Alimentos Lácteos, á que a Xunta, malia inxectarlle 9 millóns de euros, non foi quen de garantir a súa viabilidade, ECAR de Mondoñedo, o Grupo Mon, Sargadelos, Muebles Hermida, Cementos Cosmos, Tablicia, etc.

Nada real, si moita publicidade

Por este motivo, subliñou que “cando dean orden de amañar algo, deben vostedes indicar que se faga cun pouco de disimulo. Dígolle isto porque na páxina web creada para publicidade do Impulsa, no apartado de actualidade, todas as novas colgadas levan a data de 11.03.2014 Curioso, verdade? Alguén podería pensar que tentaron vostedes amañar o vacío desta páxina web con informacións, por certo que pouco ou nada teñen que ver co Plan, como a referida á primeira travesía náutica xacobeá ou o convenio de colaboración entre o Gaiás e o Mercado de Abastos de Santiago. Non quería eu pensar que a Xunta se traballou o 11.03.2014 no Plan Impulsa Lugo...”, concluíu o voceiro de Economía.

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo